

### ***Comentarios no blog do ies Sánchez Cantón no curso 2007-2008***

1. *Erros e Tánatos* é un libro de pequenos relatos que trata sobre diversas formas de engano e inxenuidade. As formas de engano producen o erro na persoa que o sofre, a inxenuidade propicia que se vexa vítima de engano, e a impostura mostra unha realidade enganosa. Así, o que o autor, Gonzalo Navaza, pretende é transmitirle ao lector un desacougo interno, querendo saber como remata o relato, xogando con distintos elementos de intriga e sorpresa e rematando cun desenlace sorprendente. Por exemplo, en "Decoración e interiorismo" mostra o erro disfrazado de amor. En "O amigo Delmiro" mostra con ironía o erro disfrazado de sátira. A todo isto hai que dicir, que ao ser dez pequenas historias fai que o libro sexa dinámico e que non haxa tempo para o aburrimiento, acompañado dunha linguaxe sinxela e chea de recursos humorísticos. Todo o conxunto do libro quere transmitirnos a mensaxe de que as cousas non son o que parecen ser nun primeiro momento. Así, realmente o inesperado é o que marca as nosas vidas. **(Paula)**

2.- O libro gustoume moito porque son contos que se len enseguida e cando esperas que remate dunha forma, remata doutra moi diferente. Ademais, o seu título é moi acertado: un erro que causa unha morte. O conto que máis me gustou foi o de "Balangadán" xa que demostra que non se poden cambiar os sentimentos de alguén, nin tan sequera coa maxia. En resumo, gustoume moito e recoméndollo ler a todos os que queiran. **(M. Teresa)**

3. É un libro composto por dez relatos diferentes baseado en Galicia no século XIX. Un libro sobre o engano, que á súa vez pode provocar a morte. Pareceume un libro moi realista, xa que se semella á sociedade na que estamos vivindo hoxe en día. Ademais, está composto por personaxes de diferentes idades que desempeñan papeis diferentes, desta forma podemos velo dende diferentes perspectivas. O libro tamén reflicte as diferentes clases de engano: entre amigos, familiares, parellas, descoñecidos, etc. e penso que o autor quere transmitirnos que a aparencia dunha persoa é enganosa e oculta a realidade. O libro gustoume e pareceume moi entretido, xa que son relatos curtos e son fáciles de entender coa linguaxe que emprega. **(Xiling)**.

4. Trátase dun libro composto por 10 relatos breves con diferentes historias, pero que teñen algo en común e é que en todos eles ocorren sucesos acompañados de erros garrafais que nalgúns casos levan á morte, tal e como indica o título do libro "Erros e Tánatos", cómpre dicir que o termo "tánatos" que provén do grego significa morte. En cada capítulo o autor nárnanos unha historia na que primeiro crea o ambiente e no que o final resulta sorprendente para o lector. Estes relatos son bastante breves pola que a lectura faise rápida e amena. O libro amósanos de maneira algo sarcástica o dito popular de que "non todo é o que parece" algo que sae no libro moi esaxerado xa que incluso no capítulo de "O amigo Delmiro" a rapaza intenta adiantarse ao erro que non é tal. Na miña opinión é un libro cando menos curioso e sorprendente, especialmente os finais dos capítulos que nos amosan os erros que podemos chegar a cometer as persoas e o lonxe que nalgunhas ocasións estamos da auténtica verdade, por iso en moitas ocasións tentamos adiantarnos a eles ou cousas que sospeitamos que non son verdade e que nos poden levar a cometer erros aínda mais grandes como ocorre cos capítulos de "O amigo Delmiro" e "A proba do alfinete". Se tivera que destacar un inclinárame polo último debido á inxenuidade que podemos chegar a ter como lle ocorre ao home do bar. En conclusión, pareceume un libro moi interesante e entretido que ademais de ser fácil de ler fainos reflexionar sobre o que para nos é verdade, pode non sela. **(Jorge)**

5. O libro de gustoume moito. Atopeino moi entretido. Penso que é moi doado de ler xa que ten un vocabulario moi sinxelo. Ademais, os capítulos lense moi rápido e iso é unha vantaxe, xa que moitas veces, cando les unha novela non che gusta deixar un capítulo pola metade. Outro aspecto que destacaría é que os relatos están moi ben escritos xa que manteñen ao lector en suspense até as derradeiras frases. Os meus relatos favoritos son "Castelos na area" e "O amigo Delmiro". O primeiro pareceume moi curioso, xa que o rapaz protagonista, aínda que é pequeno, é capaz de maquirar unha vinganza e saír airoso do asunto. O segundo estivo moi simpático. Resultoume moi cómico imaxinar á neta do avó toda alporizada cando Delmiro

dixo que se perdera a conexión.... e o pobre si que estaba ... Recomendo este libro a todo aquel que queira pasar un rato entretido e divertirse cuns relatos cheos de ironía. (Andrea)

6. *Erros e tánatos* é un libro que consta de dez relatos curtos con unha linguaxe moi sinxela. A evolución dos relatos é moi sinxela e amena, preséntanse uns personaxes que e ao final morre un deles por culpa dun erro do outro. Ten algo que me gusta moito, é que nalgúns relatos deixan un final aberto para que o penses ti. En xeral, o libro gustoume porque ó seren relatos curtos non se fai longo nin aburrido, tamén me gustou o final increíble dalgúns coma "o amigo Delmiro" ou "bull e mignonne"; ademais é moi fácil de ler. A moralexa das historias do libro é que as aparencias enganar. (Eloi)

7. *Erros e Tánatos* é unha obra de Gonzalo Navaza moi fácil de ler e moi entretida en xeral, xa que está composta de 10 relatos onde se contan historias interferidas por curiosos enganar. Os relatos que máis me gustaron foron: "Bull e mignonne", xa que me fixo moita graza o engano que emprega Emiliano para conseguir estar coa moza, e o final tan sorprendente como tráxico que sofre. E "O amigo Dalmiro", que me gustou moito porque cando xa imaxinei como ia rematar, ou sexa,cando pensei que Delmiro era un ladrón, o final resulta ..., En conclusión, gustoume moito o libro e recomendo a súa lectura xa que é moi doado, entretido e curto. Nota numérica: 9 (Silvia)

8. *Erros e tánatos* está constituído por dez relatos cunha característica común: todos xiran en torno ao engano, con múltiples consecuencias, na maioría das historias remata coa morte dunha personaxe. Pareceume un libro moi curioso, xa que nunca esperas o desenlace e mantente na intriga ata o final. Ademais trata o engano dende unha perspectiva cómica sen perder o punto de realismo. O que máis me gustou foi "Decoración e interiorismo" e o que menos "Castelos na area" xa que a reacción do neno pareceume un pouco "malvada" para ser un rapaz tan pequeno. En conclusión, gustoume moito este libro, recoméndollo a todo o mundo. (Teresa)

9. *Erros e Tánatos* resultoume un libro moi sinxelo de ler e moi entretido. Trátase dunha obra composta por dez relatos, acerca de diversas situacións que nos poderían pasar a calquera de nós, mais non son moi frecuentes. Os desenlaces de tódolos contos sorprendéronme moitísimo. Algúns deles deixáronme aparvada. O relato que máis me chamou a atención foi o de "Castelos de area". Este conto mostra como a dor dun neno, que aparentemente é unha persoa benigna e inocente, pode ter consecuencias que nunca pensamos que poderían suceder. Tamén me gustou moito o de "Decoración e Interiorismo", que reflicte á perfección o enganados que podemos chegar a estar por amor. Ás veces namorámonos de alguén ao que creemos coñecer, mais realmente non sabemos nada del. Por último, gustárame destacar a mensaxe de incertidume, de desacougo que me transmitiron estes contos, que nos demostran que as aparencias enganar en moitas ocasións, e que as cousas non son como comezan, senón como rematan. (Carmen)

10. A verdade e que este libro é verdadeiramente interesante no desenlace que teñen as historias, son uns finais aloucados que non te esperas que rematen así. Pero inda así teñen sentido porque as historias que conta o libro son historias que poderían pasar por reais, xa que por causa de erros e parvadas pode chegar a formarse verdadeiros problemas. Un exemplo é a do home do saco a situación na que o neno presa do medo e do pánico é capaz de ...o que el ve coma unha ameaza. No libro hai historias que me gustaron máis que outras; unha que me fixo bastante graza foi a de Bull e Mignone, porque a bola. Se nos paramos a analizar o título do libro realmente está moi acertado. En liñas xerais, o libro gustoume bastante e foi entretido na maioría dos relatos. (Manuel)

11. *Erros e Tánatos* é un libro que consta de 10 relatos breves que se basean principalmente en dous temas que son o engano e a inxenuidade. Na maioría dos relatos hai unha persoa que sofre un engano e iso lévaa

a cometer un erro, noutros os protagonistas déixanse levar polas aparencias e cometen tamén múltiples erros. O que pasa ó ler este tipo de libros, é que o lector se está imaxinando un final e de súpeto acontece algo totalmente sorprendente, iso foi o que máis me gustou do libro. Os relatos en xeral parecéronme moi interesantes, pero o que realmente me chamou a atención foi, como xa dixen, o final de cada un deles. En particular os que máis me chamaron a atención e me pareceron os máis entretidos foron: "Bull & Mignonne", "O amigo Delmiro" e "O home do saco". Nestes estaba case seguro do que ía acontecer e pasou algo totalmente diferente. En conclusión, o que é o libro en xeral gustoume moito, ademais a súa lectura é rápida e entretida. **(Adrián)**

12. De seguido farei un breve comentario sobre "Erros e Tánatos". Como é un libro de relatos curtos, analizarei en primeiro lugar os que máis me gustaron, despois falarei dos aspectos que eu cambiaría do libro e para rematar, darei a miña impresión xeral sobre o libro. Para comezar, teño que dicir que a min, persoalmente, paréceme que o relato que leva por título "O amigo Delmiro" é o mellor. É fantástico. O autor consegue que nós, os lectores, esteamos completamente certos da maldade da personaxe principal, estamos convencidos de que a neta ten toda a razón e o avó pecou dun gran exceso de confianza ante un pícaro. Tódolos feitos nos levan a esta conclusión. Sen embargo, despois de que a rapaza lle dispare, ... Outro relato do que tamén quero facer mención neste comentario é o chamado "O home do saco". Dixen que o anterior era o mellor, pero penso con sinceridade que este non é inferior. Cando a nai lle di ao seu fillo que aquel home (un que vagaba por aquelas rúas casualmente) é o home do saco simplemente para convencelo de que volva á casa, penso que todos nos sentimos identificados, ¿a quen de nós non nos contaron algunhas destas historias? Despois, o autor, mostra o que isto pode provocar... e acaba cun desenlace terriblemente estarrecedor. Outro relato do que creo que tamén debo falar é de "A proba do alfinete". Sen dúbida, o que o fai tan fermoso, é o seu precipitado final. Consegue crear un clímax moi interesante, estamos bastante metidos na investigación, e cando parece que xa estamos polo bo camiño, vemos que ... Custoume moito seleccionar só tres relatos deste libro, xa que considero que todos e cada un deles son de gran calidade. O único aspecto que me pareceu demasiado forte é o forte carácter macabro predominante nalgúns dos relatos (os nenos convértense en asasininos). Sen embargo creo que é un dos aspectos que levan a que estas historias sexan tan estrañas e orixinais. Para rematar, penso que é xusto dicir que me pareceu un libro realmente bo, gocei moito da súa lectura xa que é moi entretido e orixinal. Foi un dos mellores libros que lín ata o de agora. **(Víctor)**

13. O libro *Erros e tánatos* gustoume moito porque son historias fáciles de ler e entretidas. Nelas conta historias con momentos e finais inesperados co que fomenta a intriga e obrígate a seguir lendo. O autor busca finais trágicos para as historias. A historia "Castelos de area" chocoume moito porque o autor lle deu unha rabia desmesurada a un rapaz pequeno que por unha inxustiza é capaz de cometer actos moi fríos tales dun psicópata adulto e non un cativo. En conclusión, é un libro que me gustou moito e que recomendo para aqueles que lles guste a intriga. **(Isabel)**

14. O libro *Erros e Tánatos*, non me disgustou. É un libro composto por dez historias moi interesantes, algunhas moi absurdas, coma por exemplo a historia dos "Castelos de area" porque é inverosímil que un neno por perder nun concurso de castelos de area ... E outras moi interesantes coma a da "Decoración e interiorismo", que, quen ía a dicir que o amado era ...! O libro ten detalles que non mos esperaba, coma a morte do amigo..., o cal o comeron os ... que, a dicir verdade é bastante surrealista, pero son xusto eses detalles os que lle aportna ao libro maior interese. **(Aida)**